

ACTA NÚM.3 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE DE OBRAS DENOMINADO “REPOSICION DE BERARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERREIRO -PLAN CONCELLOS 2017 ”(EE3466/2018)

Data: 5/11/2018

Hora: 13:10 horas

Procedemento: Aberto simplificado

Trámite: Ordinario

Orzamento sen IVE:44.693,47€

IVE: 9.385,63€

Orzamento total (IVE incluído): 54.079,10€

Valor estimado: 54.079,10€

Composición da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Rafael Cuiña Aparicio (Alcalde)

Vogais:

D. César López Arribas (Secretario)

D .Fidel García Martul (Interventor)

D. Jose Varela Calvo (Enxeñeiro de Obras Públicas)

D. Jorge García Fernández (Xefe de Urbanismo)


Secretario/a:

D. Fatima Cortizo Seijas (Técnica de Contratación)

Iniciado o acto, dase conta da renuncia da empresa adxudicada,

ata 23 de outubro de 2018 a Mesa de Contratación da obra “**REPOSICION DE BERARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERREIRO -PLAN CONCELLOS 2017**”(**EE3466/2018**) propón como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola empresa **NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U** . con CIF núm: B27802503; empresa á que se lle require nun prazo de dez (3) días hábiles a documentación previa á firma do contrato.

A xustificación da valoración da oferta e precisar a mesma con arranxo ao establecido no artigo 149.4 da LCSP foi feita mediante Decreto da Alcaldía, con núm. de rexistro de saída 2018-S-RE-3387 de data 29 de outubro de 2018, ás 13:57 horas e de recepción por comparecencia en sede electrónica de **NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U** . de 29 de outubro de 2018, ás 13:57.



Lalínkmncero

Intervención - Tesourería



Concello de Lalín

Con data 30 de outubro de 2018 a empresa **NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U** presenta escrito renunciando a presentar a xustificación da baixa e polo tanto a adxudicación da obra .

Consonte a cláusula 23. Adxudicación do Contrato do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares,

“No caso de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción da documentación”.

Polo que, e segundo o informe emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal con da 5 de novembro de 2018, a Mesa de Contratación acorda, propoñerlle ao Órgano de Contratación como oferta economicamente máis vantaxosa a seguinte empresa con maior puntuación que é: **CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L con CIF B36162030.**

Xa que logo, unha vez realizadas as operacións anteriores a Mesa de Contratación acorda:

.Primeiro.- Remitirle ao Órgano de Contratación proposta de adxudicación a favor do candidato que obtivo a mellor puntuación: **CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L con CIF B36162030.**

Segundo.- Autorizar á Secretaria da Mesa de contratación para que efectúe requirimento de documentación á empresa **CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L con CIF B36162030.**, 8, co fin de que, no prazo máximo de 7 días hábiles, a contar desde a data do envío da comunicación, presente no Rexistro de Entrada do Concello de Lalín:

- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE (2.234,68 €).

Terceiro.- Unha vez recibida depositada a garantía, daráselle traslado do expediente ao Órgano de Contratación para que proceda á adxudicación do contrato.



Sen máis asuntos que tratar, ás 13,15 horas levántase a sesión, do que como Secretario, dou fe.

Documento asinado electronicamente

L K M N